

Proposta de actividade para desenvolver nas aulas de primaria e secundaria

Esta proposta, feita seguindo a guía de *El cine en la escuela: propuestas didácticas de películas para primaria y secundaria*, de Ramon Breu e Alba Ambrós, e o programa Númax na escola do cinema Númax. O primeiro é un manual académico que propón unha serie de actividades para primaria e secundaria, máis referidas a temas xerais que estrictamente á cuestión do xénero, pero que pode adaptarse ás necesidades de profesorado e alumnado. Númax na Escola, que é un programa moi recomendable que se fai en Santiago de Compostela, ten unha oferta de filmes pensados para primaria e secundaria con varias temáticas. Unha delas é “educación en igualdade” e nela inclúen tres visionados, que os institutos poden escoller para asistir cos seus alumnos na propia sala do cinema.

Partindo destes modelos, queremos propor unha actividade para os vossos alumnos e alumnas. Como non somos pedagogas, senón profesoras de Comunicación Audisvisual, queremos expoñela aquí para que entre todas podamos ver a súa potencialidade e que sirva como modelo para que cada docente poda adaptalo ás súas necesidades.

O obxectivo xeral da actividade consiste en establecer un diálogo cos/as alumnos/as que permita detectar actitudes negativas con respecto dos estereotipos asociados ao xénero e á identidade de xénero e promover cambios dentro da aula que podan extenderse ao resto das súas vidas.

Obxectivos complementarios:

- Desenvolver habilidades comunicativas, tanto orais coma escritas, e de comprensión dun texto fílmico.
- Desenvolver a capacidade de entendemento do proceso produtivo do cinema.
- Desenvolver habilidades para analizar o contexto social, político e histórico grazas a un texto fílmico.
- Xerar identificación e empatía cos personaxes. Procurar a construción de relatos alternativos.

Materiais necesarios:

Folla de sala (modelo proposto por Numax): ficha técnica, sinopse, texto crítico (crítica académica, crítica de prensa)

Ficha para desenvolver a actividade

Clip para visionado (15-20 minutos ou filme enteiro, por exemplo, no tempo dunha titoría)

Material adicional como tráiler, making off, entrevistas do director/a, etc.

Propostas de **visionados** para **primaria**:

Frozen (2013), Jennifer Lee, Chris Buck

Mulan (1998), Tony Bancroft, Barry Cook

Matilda (1996), Danny DeVito

Ponyo en el acantilado (2008), Hayao Miyazaki

El viaje de Chihiro (2001), Hayao Miyazaki
La princesa Mononoke (1997), Hayao Miyazaki
Tomboy (2011), Céline Sciamma
Brave (2012), Mark Andrews, Brenda Chapman, Steve Purcell

Proposta para **visionados** de **secundaria**:

Daughter rite (1984), Michelle Citron
Girlhood (2014), Céline Sciamma
Bar Bahar (2016), Maysaloun Hamoud
Persepolis (2007), Marjane Satrapi, Vincent Paronnaud
Mustang (2015), Deniz Gamze Ergüven
Girl (2018), Lukas Dhont
Tódalas mulleres que coñezo (2018), Xiana do Teixeiro
Eco (2014), Xacio Baño